

1 2002, do 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional.

Puntos interesantes desta Lei:

- A finalidade desta Lei é o establecemento dun sistema integral de formación profesional, **qualificacións** e acreditación, que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas.
 - ◆ A oferta de formación sostida con fondos públicos favorecerá a formación ao longo de toda a vida, acomodándose ás distintas expectativas e situacións persoais e profesionais.
- Esta Lei define a formación profesional como o conxunto de accións formativas que capacitan:
 - ◆ Para o desempeño cualificado das diferentes profesións.
 - ◆ Para o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica.
- A formación Profesional en España inclúe:
 - ◆ As ensinanzas propias da **FP inicial** (Ámbito educativo).
 - ◆ As accións de inserción e reinserción laboral (Administración laboral).
 - ◆ As accións de formación continua nas empresas (Administración laboral).

*A formación profesional e a continua unificáronse por medio do **Real decreto 395/2007**, polo que se establece o subsistema de formación profesional para o emprego.*

Enlace o texto completo: [Lei 5/2002, do 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional.](#)